



GASTOS

Deputación

IV. GASTOS

IV.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, cunha cifra de 486,6 millóns de euros e unha diminución do 0,9%.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de gastos.

Sinaláanse aquí os cambios máis salientables respecto do orzamento de 2016.

Como se dicía no apartado de ingresos, o total da cifra orzamentaria descendeu 4,5 millóns respecto á cifra de 2016 para o orzamento suma dos catro provinciais.

En primeiro lugar destaca que soamente tres capítulos da composición de gastos reflicten incremento interanual: o capítulo II de Compra de bens correntes e servizos (capítulo II), o de transferencias correntes (capítulo IV) e o de variación de activos financeiros (capítulo VIII). O resto tiveron descensos.

O **capítulo II** incrementouse en 6,9 millóns de euros, ata chegar á cifra de 86,1 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 8,6%. Con este crecemento consolídase como o terceiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 17,7%, é dicir, 1,6 puntos porcentuais máis ca en 2016.

O incremento da cifra deste capítulo II é xeneralizada nas catro deputacións, con significativos aumentos desde 2016, nos que o de maior taxa foi o do orzamento coruñés cun 11% de incremento, aínda que segue a presentar a menor porcentaxe sobre o total de gastos. O de menor taxa de crecemento foi o orzamento ourensán, cunha taxa do 6,3%, destacando que é onde ten maior presenza na estrutura de gastos, cunha porcentaxe sobre o total de gastos do 26%. É dicir, no orzamento ourensán reflíctese que a estimación dos gastos do ano 2017 dan que de cada 100 euros de gasto, 26 destinaranse á compra de bens correntes e servizos.

**TOTAL DEPUTACIÓNS
ORZAMENTO DE GASTOS**

CAPITULOS	(euros)				
	2016		Increm. % Interanual	2017	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	137.743.186	28,1%	-0,7%	136.797.636	28,1%
II. Compra de Bens Corr. E Servicios	79.255.171	16,1%	8,6%	86.103.078	17,7%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	216.998.357	44,2%	2,7%	222.900.714	45,8%
III. Xuros	803.239	0,2%	-34,7%	524.588	0,1%
IV. Transferencias Correntes	99.326.878	20,2%	6,7%	106.019.671	21,8%
V. Fondo continxencia e imprevisión	4.912.000	1,0%	-1,5%	4.840.000	1,0%
Operacións Correntes	322.040.473	65,6%	3,8%	334.284.972	68,7%
VI. Investimentos Reais	68.412.626	13,9%	-15,7%	57.684.067	11,9%
VII. Transferencias de Capital	60.933.497	12,4%	-2,0%	59.714.760	12,3%
Operacións de capital	129.346.123	26,3%	-9,2%	117.398.827	24,1%
Operacións non financeiras	451.386.597	91,9%	0,1%	451.683.799	92,8%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	23.038.175	4,7%	4,9%	24.157.940	5,0%
IX. Variación Pasivos Financeiros	16.616.241	3,4%	-35,4%	10.730.546	2,2%
Operacións financeiras	39.654.416	8,1%	-12,0%	34.888.486	7,2%
TOTAL GASTOS	491.041.012	100%	-0,9%	486.572.285	100%

○ **capítulo IV de transferencias correntes** tivo un crecemento absoluto de 6,7 millóns de euros para o conxunto das catro deputacións, que representa unha taxa interanual de 6,7%, que provocou un aumento da súa porcentaxe de 1,6 puntos. Neste capítulo o destino predominante son os concellos, establecendo as catro deputacións programas de axudas aos concellos a través de subvencións.

Este incremento das transferencias correntes produciuse en tres dos orzamentos provinciais, manifestando pola contra o de Ourense un lixeiro descenso de 0,3 millóns e unha taxa do -3,2%.

Foi no orzamento lucense no que medrou este capítulo en maior proporción, un 19% maior que en 2016, 3,4 millóns de euros máis que en 2016, sendo as transferencias aos concellos lucenses (que son as de maior importe) as que maior incremento tiveron dentro deste capítulo. Como consecuencia, reflíctese un considerable aumento do peso relativo deste capítulo na composición dos gastos, con 4,9 puntos porcentuais máis que na estrutura de gastos do ano 2016.


No orzamento provincial da Coruña, tamén tivo un incremento considerable o capítulo IV, con 2,6 millóns máis, tamén neste caso foron as subvencións aos concellos as que máis aumentaron ao comparalas coas de 2016. Este crecemento ademais intensifica a porcentaxe deste capítulo na estrutura de gastos do orzamento coruñés, que sube 1,4 puntos porcentuais, e chega ao 27,5% do seu orzamento de gastos, que é a maior porcen-

taxe, tanto deste capítulo na estrutura de gastos das catro deputacións, como o principal destino dos créditos consignados no orzamento inicial de 2017 da Coruña.

No orzamento da Deputación de Pontevedra tamén houbo un incremento de 1 millóns de euros e un 3,6% porcentual, que fixo crecer lixeiramente a porcentaxe sobre o seu total de gastos.

O capítulo VIII de **variación de activos financeiros** foi o outro capítulo que tivo un crecemento desde 2016, un 4,9% maior, e 1,1 millóns de euros máis. As principais consignacións neste capítulo son os préstamos aos concellos, ás familias e institucións sen fin de lucro e os anticipos de salarios para o persoal que traballa nas corporacións provinciais. Este crecemento fai que tamén medre a súa porcentaxe sobre o total de gastos, chegando ao 5% do total.

Nos orzamentos de Coruña e Ourense non houbo variacións neste capítulo na comparación co 2016, mentres que nos outros dous houbo significativos incrementos porcentuais. Foi no orzamento de Pontevedra no que se observa o de maior incremento co 241,7% porcentual, pasando dos 0,4 millóns de 2016 aos 1,3 millóns de 2017, debido sobre todo ao incremento nos anticipos reintegrables aos concellos.



Entre os capítulos que experimentaron descensos ao comparalos cos datos de 2016, obsérvase o seguinte:

Produciuse un acusado descenso no capítulo IX de **variación de pasivos financeiros**, que minorou a súa cifra en 5,9 millóns de euros e que alcanza un importe de 10,7 millóns de euros no orzamento global das catro deputacións de 2017, o que supón unha caída do 35,4%, que á súa vez traslada a unha perda de peso relativo dun 1,2 puntos

porcentuais na estrutura de gastos. As amortizacións de préstamos son o principal compoñente deste capítulo IX. Téñase en conta que pola parte dos ingresos desde fai algúns anos xa non se consignan préstamos para o financiamento de investimentos e gastos de capital.

Esta minoración do capítulo IX maniféstase soamente nos orzamentos de Ourense e Pontevedra, xa que no da Coruña xa hai anos que non teñen consignación deste capítulo e no de Lugo non houbo variación.

A maior diminución produciuse no orzamento pontevedrés no que pasou dos 13,9 millóns aos 8,4 de 2017, que supón un -39,4% que á súa vez causa unha lixeira modificación na composición dos seus gastos coa perda de 3,6 puntos porcentuais. Aínda así, segue a ser o orzamento provincial galego no que este capítulo ten maior porcentaxe, o 5,5% na estrutura de gastos.

No orzamento ourensán houbo unha diminución do 15,9% con 0,4 millóns de euros menos, que fixo diminuír o peso porcentual sobre o total dos seus gastos en medio punto porcentual.

O capítulo III, **de xuros polos préstamos** vixentes ou outro tipo de gastos financeiros, tamén experimentou unha significativa diminución en termos porcentuais, cun 34,7% menos que o dato de 2016, aínda que en termos de valor absoluto houbo 0,3 millóns de euros menos que en 2016 e unha décima menos na porcentaxe sobre o total.

Este descenso dos gastos financeiros e xuros foi xeneralizado, aínda que no orzamento coruñés non houbo variación respecto do ano pasado. Ademais este capítulo segue a ter unha escasa porcentaxe sobre o total de gastos.

Os dous capítulos que conforman o agregado de **operacións de capital, o VI e VII** manifestaron moderados descensos, tanto en valor absoluto como en taxa de variación, que levou a unha perda de peso porcentual na estrutura de gastos deste agregado de algo máis de 2 puntos porcentuais.

O capítulo VI de **investimentos reais**, os que levan a cabo directamente as deputacións provinciais, foi o que maior caída tivo, con 10,7 millóns de euros menos no orzamento inicial das catro deputacións en 2017, que supón un 15,7% menos, quedando en 57,7 millóns de euros o importe deste capítulo. Pódense salientar ente os gastos incluídos neste capítulo os destinados ás estradas de titularidade provincial, investimentos e reposicións, os plans de investimentos de cooperación cos concellos, como o Plan de Obras e servizos (POS) e outros.

Nos catro orzamentos provinciais houbo diminución neste capítulo ao comparalo co do ano 2016, aínda que foron os orzamentos de Coruña e Lugo onde estes foron de maior proporción.

No orzamento coruñés houbo 4,5 millóns de euros menos neste capítulo, un 20% menos en variación porcentual que provocou tamén unha diminución de 2,7 puntos na porcentaxe sobre o seu total de gastos. O descenso máis destacado é nos importes destinados ás infraestruturas da rede viaria de titularidade provincial e municipal.

No caso de Lugo, a minoración foi de 4,9 millóns de euros, un 23,6% menor ao dato de 2016, que á súa vez ocasionou unha baixada no peso relativo deste capítulo na composición de gastos, con 5 puntos porcentuais menos que no 2016. Aínda este considerable descenso segue a ser o orzamento no que maior peso teñen os investimentos reais do capítulo VI das catro deputacións.

No orzamento ourensán houbo 1,2 millóns menos que representa unha variación 7,9% e un punto porcentual menos na estrutura de gastos.

No orzamento da corporación provincial de Pontevedra reflíctese unha escasa minoración do 1,1%, que case non implica variacións na súa composición de gastos. Nesta provincia, o capítulo VII o outro compoñente dos gastos de capital, manifestou un moderado crecemento que fixo que o seu agregado de operacións de capital aumentara nun 4,2% e tamén o seu peso relativo na súa estrutura de gastos, 1,5 puntos, o que leva sinalar que é no orzamento provincial de Pontevedra no que estes gastos de capital teñen a maior porcentaxe das catro, co 27,8% do total de gastos.

O **capítulo VII** para o conxunto das catro deputacións experimentou unha minoración de 1,2 millóns e do 2%, que non provoca cambios significativos na súa porcentaxe sobre o total de gastos.

Na variación deste capítulo de gastos obsérvanse dúas tendencias, por unha banda os orzamentos da Coruña e Pontevedra, como xa se comentou no parágrafo anterior, nos que medran as transferencias de capital e os de Lugo e Ourense, con diminucións.

No caso da Coruña houbo 0,8 millóns máis de importe e un 3,9% máis da cifra do ano anterior, que non tivo especial repercusión na súa porcentaxe, que segue no entorno do 11%. Como resultado destas variacións nos capítulos VI (á baixa) e do VII (á alza), o agregado de operacións de capital presenta unha diminución de 3,8 millóns que supoñen un 9% menos que o importe de 2016, e do que resulta unha minoración na estrutura orzamentaria deste tipo de gastos.

No orzamento lucense, hai 2,5 millóns de euros menos que implica unha perda de peso relativo deste capítulo e tamén do seu agregado de gastos por operacións de capital, que minorou 13,7 puntos porcentuais na porcentaxe de gastos quedando no 26% do total, unha das maiores porcentaxes deste agregado.

No orzamento ourensán o descenso foi de 1,3 millóns e un 45,2% menos, cunha minoración do seu peso porcentual de 1,5 puntos. O agregado dos capítulos VI e VII ambos

con diminucións, baixou nun 13,5% e 2,5 puntos porcentuais de porcentaxe, quedando no 20,9%, a menor porcentaxe das catro deputacións .

Finalmente nesta comparativa co orzamento de 2016, o importe do capítulo I destinado ao pagamento de gastos de persoal, malia presentar unha lixeira diminución do 0,7% segue a ser o capítulo de maior presenza na composición de gastos dos orzamentos provinciais, xa que de cada 100 euros de gastos, 28 se destinan a este capítulo. O importe no orzamento global das catro deputacións ascende a 136,8 millóns de euros.

No único orzamento no que non baixou este capítulo de gastos foi no de Pontevedra, aínda que a súa variación foi pouco significativa, cun incremento do 0,9% ao comparalo co dato de 2016, e chega á cifra de 43,5 millóns de euros en pagamento de salarios do persoal ao servizo da entidade provincial. O peso porcentual na súa estrutura de gastos é similar ao da media de Galicia, co 28,5%.

Nas outras deputacións experimentáronse diminucións que oscilaron entre 0,6% menos do orzamento ourensán ao 2,5% menos do orzamento lucense, nos que ambos seguen a manter as porcentaxes máis altas deste capítulo na composición de gastos, sobre todo no caso ourensán que alcanzan o 38,8% do total dos seus recursos.

O agregado de gastos de funcionamento, capítulos I e II, experimentou un crecemento do 2,7% para o conxunto dos catro, como se dicía debido ao incremento do capítulo II destinado á compra de bens correntes e servizos, non inventariables. Con este incremento tamén sube a súa porcentaxe na estrutura de gastos, que fai que case a metade do orzamento suma das catro deputacións teña a finalidade de sustentar este tipo de gastos (45,8%).



Este agregado de gastos de funcionamento medrou nos catro orzamentos provinciais, cunhas taxas de variación que van do 1% no caso de Lugo (o de menor variación) ao 3,6% de Pontevedra.

Principais características da estrutura de gastos


Unha vez comentadas as variacións respecto do ano 2016 , se sintetizan a grandes trazos a composición dos orzamentos de gastos e os principais destinos das cifras dos orzamentos provinciais, destacando as seguintes características na estrutura de gastos no orzamento total de suma dos catro provinciais:

- O 92,8% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 451,7 millóns de €, case sen variación desde 2016, xa que houbo dispares evolucións duns capítulos e outros, incrementándose uns e minorando outros que se compensaron entre si.
- Os principais compoñentes, á súa vez son:

- O 68,7% do total de gastos son operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 334,3 millóns de €, cifra que é maior á de 2016, polo que tamén medra, 3,1 puntos porcentuais, o seu peso relativo.
- O 24,1% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 117,4 millóns de €, que como xa se comentou tiveron un descenso respecto ao ano 2016, que fai diminuír a súa porcentaxe no total de gastos en máis de dous puntos.
- O 7,2% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un significativo descenso interanual, sobre todo pola diminución do capítulo no que se recollen as amortizacións dos préstamos vixentes, capítulo IX..



A estrutura de gastos de cada un dos orzamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:




O orzamento da Coruña é o que presenta a menor porcentaxe de **operacións non financeiras**, mentres que as financeiras (capítulos VIII e IX) son as de maior porcentaxe das catro, co 12,5%, superior en 5 puntos á porcentaxe media que presenta este agregado para o orzamento total das catro deputacións.

No outro extremo, o orzamento de Lugo no que a porcentaxe de operacións financeiras respecto do total dos seus gastos nin tan sequera alcanzan o 1%, polo que a case totalidade dos seus gastos irán destinados a operacións non financeiras.

Aínda que no orzamento de Lugo unha gran parte dos gastos destinados a operacións non financeiras son operacións de capital, capítulos VI e VII, sendo uns dos orzamentos de maior peso porcentual dos gastos de capital, que absorben o 26%, porcentaxe superior en 2 puntos á do orzamento total das catro deputacións.

É no orzamento provincial de Pontevedra no que os gastos de capital teñen maior presenza, xa que representan o 27,8% do total.


Os gastos destinados ao financiamento de **operacións correntes**, que presenta unha porcentaxe do 68,7% para o total dos catro orzamentos, e neste caso destaca a máis alta porcentaxe no orzamento ourensán, no que o 75,9% dos gastos van destinados a gastos de natureza corrente, nos que xa os gastos de funcionamento, capítulos I e II absorben 64,8 de cada 100 euros do total de gastos, moi superior ao peso que estes gastos de capítulos I e II presentan no orzamento total, 45,8%.



No que se refire a estes gastos, os Gastos de funcionamento dos servizos (capítulos I e II), que como se dicía medraron nun 2,7%, presentan diferenzas significativas na comparativa entre os catro orzamentos, xa que no outro extremo do caso de Ourense, atópase o orzamento da Coruña que un ano máis é o que presenta a menor porcentaxe do orzamento destinado ao pagamento de gastos de persoal e de bens correntes e servizos, cunha porcentaxe do 36,5%, que son 9,3 puntos por debaixo da media.


As transferencia correntes que para a media de Galicia representan o 21,8% e que como se viu tiveron un crecemento interanual, teñen no orzamento ourensán o seu menor importe e peso relativo, xa que cos seus 8,4 millóns soamente absorben o 10,9% do total dos seus gastos, mentres que nas outras deputacións a porcentaxe varía entre o 27,5% da Coruña ao 18,4% de Pontevedra, reflectindo un 26,3% o de Lugo.

Ao igual que no apartado de ingresos engadimos uns apuntamentos sobre a composición de gastos das facendas provinciais galegas en comparación coas facendas dos concellos galegos e coa media nacional de orzamentos de deputacións provinciais.



Na composición das facendas dos concellos os gastos destinados a operacións correntes teñen maior peso que nas facendas provinciais, xa que chegan ao 86%, mentres que os gastos destinados a operacións de capital (capítulos VI e VII, investimentos propios das corporacións e os que se realizan a través doutras entidades por transferencias) teñen un peso porcentual nos concellos que é a metade da porcentaxe das corporacións provinciais.


As operacións financeiras teñen máis peso porcentual na estrutura de gastos das deputacións, 7% fronte ao 3% nos concellos.




Como continuación da maior porcentaxe dos gastos por operacións correntes, obsérvase que os gastos de funcionamento, capítulos I e II de pagamento de persoal e de compra de bens correntes e servizos, presentan maior peso nas facendas dos concellos, que representan o 79% do total de gastos, fronte ao 48% nas deputacións. O resto de variables na estrutura dos orzamentos dos concellos presentan porcentaxes menores.

Ao comparar a estrutura de gastos das deputacións galegas coa do resto de España, obsérvase en primeiro lugar que as operacións de capital (investimentos reais e transferencias de capital) teñen unha maior representatividade para as facendas provinciais galegas, cunhas porcentaxes do 24% en Galicia fronte ao 19% que resulta no agregado nacional, segundo datos provisionais, o que reflicte o esforzo investidor das corporacións provinciais galegas.

Os gastos por operacións financeiras teñen menor relevo nas contas provinciais galegas.




Os gastos de funcionamento, capítulos I e II presentan porcentaxes similares, aínda que é maior a porcentaxe do gasto destinado a estes dous capítulos na estrutura de gastos do total das deputacións a nivel nacional. Nas transferencias correntes non hai variación, reflectindo ambos casos a mesma porcentaxe.



IV.2. ESTRUCTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2016 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Como se comentou ao inicio desta memoria, a clasificación por programas é obrigatoria e recolle a finalidade e obxectivos a que atenden os gastos. Clasificaranse por áreas de gasto (hai seis áreas), políticas de gasto, grupos de programas e programas. Nesta memoria descríbese ao nivel de áreas de gasto.



Como ven sendo habitual, a área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2017 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a "Actuacións de carácter xeral", que como nos anos anteriores, constitúe a principal finalidade dos gastos. Esta área de gasto absorbe o 35% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas. Esta porcentaxe é igual á porcentaxe que tivo o ano pasado.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos ás actividades da Entidade local provincial consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións e institucións públicas.


CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO
(Orzamentos 2017 sen consolidar)

Área	Política de gasto	TOTAL DEPUTACIÓNES
1	SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	38.910.670
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	6.554.428
	15 Vivenda e urbanismo	3.771.410
	16 Benestar comunitario	20.310.515
	17 Medio ambiente	8.274.316
2	ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.	69.480.627
	21 Pensións	8.650.854
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.548.724
	23 Servizos Sociais e promoción social	38.289.072
	24 Fomento do Emprego	18.991.978
3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	64.248.869
	31 Sanidade	1.523.243
	32 Educación	10.423.583
	33 Cultura	35.598.960
	34 Deporte	16.703.082
4	ACTUACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO	133.654.988
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	10.249.051
	42 Industria e enerxía	2.138.600
	43 Comercio, turismo e PEMES	7.940.722
	44 Transporte público	0
	45 Infraestruturas	110.429.256
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	225.000
	49 Outras actuacións de carácter económico	2.672.359
9	ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL	169.844.342
	91 Órganos de goberno	12.498.009
	92 Servizos de carácter xeral	57.832.780
	93 Administración financeira e tributaria	31.001.159
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	68.512.394
0	DÉBEDA PÚBLICA	10.185.790
	01 Débeda Pública	10.185.790
	TOTAL	486.325.285

O importe da área 9 é de consígnanse un total de 169,8 millóns de euros, que supón 0,8 millóns menos que en 2016 (o 0,5 de descenso interanual). A política de gasto de maior importe é a 94 Transferencias a outras Administracións Públicas que con 68,5 millóns é a segunda política de gasto en importe no orzamento suma das catro deputacións (por detrás da 45 de infraestruturas), e representa o 14% do total e o 40% desta área de gasto. Séguelle a política 92 Servizos de carácter xeral, con 57,8 millóns de euros e o 34% desta área de gasto e o 12% do total de gastos das catro deputacións; séguelle a política

de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria que chega a representar o 6 do total de gastos.

O orzamento provincial de Pontevedra é o único no que a área de gasto de maior porcentaxe nos seus gastos segundo a clasificación funcional, é o 9 de Actuacións de carácter xeral, no que reflicte que o 47% do seu orzamento de gastos ten esa finalidade. No orzamento coruñés a área de gasto 9 ten tamén unha alta porcentaxe, aínda que é 1 punto menor á área 4 Actuacións de carácter económico, o principal destino dos seus gastos.



No orzamento de Lugo tamén están moi igualadas as áreas 9 e 4, e como no caso da Coruña soamente é 1 punto porcentual o que as separa. No orzamento ourensán a área 9 é claramente a segunda na prelación de finalidades, sendo a área destinada a Actuacións de carácter económico a de maior presenza na súa estrutura.

Para o conxunto dos catro orzamentos, figura o 4, Actuacións de carácter económico, con 133,7 millóns de euros e o 27% sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica. Tamén comprende os gastos en infraes-

truturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

A política de gasto 45, a destinada ás infraestruturas, como ven sendo habitual, é a de maior importe. Neste ano alcanza un importe de 110,4 millóns de euros en total que implica que o 23% dos recursos da facendas provinciais están destinadas ao financiamento da infraestruturas, 2 puntos porcentuais máis que en 2016. E que representan o 83% desta área de gasto.

Como en anos anteriores, é no orzamento coruñés onde se reflicte o maior importe e porcentaxe desta área de gasto, no que ademais obsérvase unha maior intensidade desta área de gasto, xa que experimenta un incremento tanto en importe como en porcentaxe sobre o total dos seus gastos. Así, en 2017 ten un importe de 61,6 millóns de euros, (9,5 máis que en 2016) e absorbe o 35% do seu total na súa estrutura de gastos, que son 7 puntos porcentuais máis que en 2016.

A política de gasto 45 Infraestruturas no orzamento coruñés ten un importe de 55 millóns que representa a metade do importe total do orzamento global das catro deputacións, proporción superior ao 36% que representa o seu orzamento no total.

A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, esta a política de gasto 41 "Agricultura, gandería e pesca" con 10,2 millóns de euros e o 2% sobre o total, tendo a maior presenza e importe nos orzamentos de Lugo e de Pontevedra, cunha porcentaxe destes gastos en ambas provincias do 3% e 4% respectivamente do seu total.

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, presentan unha cifra de 69,5 millóns que representa o 14% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2017, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, a 23, con máis da metade do importe da área e o 8% do total de gastos.

No orzamento ourensán é onde o importe e porcentaxe desta área de gasto 2, é menor, con soamente o 5% do seu orzamento dirixido a esta finalidade e un importe de 3,9 millóns. Moi diferente á porcentaxe deste tipo de gastos nos outros tres orzamentos provinciais (18% en Lugo, 17% na Coruña e Lugo e Pontevedra, 14%). A política 23 é a de maior importe da área de gasto nos orzamentos provinciais agás no de Lugo onde o Fomento do emprego, política 24 é a de maior importe, con 7,4 millóns e o 9% respecto do seu total de gastos.

Cun importe e porcentaxe moi preto, está a área de gasto de Producción de bens públicos de carácter preferente, área 3, que contén todos os gastos relacionados coa

sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida. Son a cuarta finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputacións. Presenta un importe e porcentaxe moi semellante ao do grupo ou área 2, cun total de 64,2 millóns de euros, e mesma porcentaxe 13%.

Dentro desta área, a política de gasto de maior orzamento é a dirixida á promoción da cultura, (33), que representa máis do 55% da área de gasto e o 7% do total de gastos.

Nesta área de gasto non se reflicten variacións importantes das porcentaxes a ela destinadas entre os catro orzamentos, mesmo salientando a cultura nos catro orzamentos como a política de gasto de maior cifra.

A área de gasto 1 Servizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinados a esta área é de 38,9 millóns que representan o 8% do total, destacando a política de gasto destinadas ao benestar comunitario, a 16, con 20,3 millóns e o 4% do total do orzamento.

2017 - Comparativa dos gastos Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar)											
Área	Política de gasto	A CORUÑA	%	LUGO	%	OURENSE	%	PONTEVEDRA	%	TOTAL	%
1 SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS		3.521.297	2%	8.671.367	11%	20.166.612	26%	6.551.393	4%	38.910.670	8%
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	700.000	0%	2.990.095	4%	1.358.333	2%	1.506.000	1%	6.554.428	1%
	15 Vivenda e urbanismo	0	0%	2.523.562	3%	0	0%	1.247.848	1%	3.771.410	1%
	16 Benestar comunitario	0	0%	60.000	0%	18.014.970	23%	2.235.545	1%	20.310.516	4%
	17 Medio ambiente	2.821.297	2%	3.097.711	4%	793.309	1%	1.562.000	1%	8.274.316	2%
